

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DE LOUSADA

CURSO: 6º DE PRIMARIA

MATERIA: ARTS & CRAFTS

MESTRA: MARÍA JOSÉ VILELA

DATA: 5 DE MAIO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 3. Avaliación e cualificación.**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL		
B1.1. Formular opinións cun criterio estético, oralmente ou por escrito, que expresen o respecto e a riqueza das achegas que ofrecen as manifestacións artísticas (plásticas, visuais ou musicais), apreciando as texturas, as formas, as liñas, as medidas e as cores.	EPB1.1.2. Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes. EPB1.1.6. Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos.	CCL CCEC CAA
BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA		
B2.1. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista.	EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, cuidando o material e o espazo de uso. EPB2.1.3. Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións.	CCEC CCL CSIEE
B2.3. Coñecer as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do patrimonio artístico e cultural, e adquirir unha actitude de respecto e valoración dese patrimonio.	EPB2.3.1. Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade. EPB2.3.2. Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles e goza con elas.	CCEC CSC
BLOQUE 2. DEBUXO TÉCNICO		
B3.2. Iniciarse no coñecemento e no manexo dos instrumentos e dos materiais propios do debuxo técnico, e empregalo adecuadamente.	EPB3.2.1. Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados.	CCEC CAA CMCCT

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

En 6º de Primaria, este grupo de alumnos e alumnas conta só con dous alumnos, un neno e unha nena. Os dous contan cun ordenador con acceso a internet, cun **teléfono móbil con aplicación de mensaxería instantánea e un correo electrónico.**

O medio que utilizamos para manter a comunicación é o teléfono móbil, a aplicación de mensaxería instantánea Whatsapp e os Mércores, que é cando tiñamos clase no cole, facemos videoconferencia con Cisco Webex. Ahí aproveitamos para resolver dúbidas, para ensinar o que vamos facendo e para algunha explicación...

Por tanto, empregamos unha **metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa, participativa, individualizada**, centrándonos no desenvolvemento de tarefas tendo en conta un **enfoque competencial, comunicativo e cun tratamento globalizado das actividades.**

Teremos en conta tamén a atención á diversidade do alumnado.

As actividades propostas serán totalmente de reforzo, repaso e ampliación de contidos xa vistos. Así como o remate de algunha actividade que tiñamos a medias.

Os recursos utilizados para realizar esas actividades serán os máis parecidos posibles ós que tiñamos na aula... pero cada un na súa propia casa. O concello proporciona a achega de material ás súas casas, polo que se lles proporcionará todo o necesario para a realización das actividades.

Como é un grupo moi pequeno, e coñezo perfectamente a súa evolución e as súas habilidades e capacidades, non farán falla actividades de reforzo a maiores das que se propoñen, polo que as actividades que faremos serán suficientes para todos.

3. Avaliación e cualificación	
Referentes	Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe especificados no apartado 1.
Características	Continua e global, seguindo o seu progreso nas diferentes Competencias Clave, tendo en conta a Competencia Comunicativa, xa que a materia dáse en lingua estranxeira (Inglés).

3ª avaliación

Análise de producións.	Tarefas semanais propostas relacionadas con contidos de repaso e ampliación. Valórase a elaboración, a iniciativa, a presentación, a participación, o esforzo e a constancia.
------------------------	--

Cualificación final

Seguindo as instrucións do 27 de abril 2020 a **avaliación** será **continua**. A **cualificación final** poderá ser mellorada lixeiramente tendo en conta o traballo realizado durante o terceiro trimestre (máximo dun punto).

A **xustificación legislativa** a este apartado vén dada polo establecido no Decreto 105/2014 (currículo de Educación Primaria), a orde do 9 de xuño de 2016 que regula a avaliación e a promoción en Primaria na Comunidade Autónoma e Galicia e polas instrucións do 27 de abril de 2020 para o desenvolvemento do terceiro trimestre.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Informarase ás familias , e por conseguinte ao alumnado, da publicación deste documento na páxina web do centro e a través de abalar móbil. Resolveranse as dúbidas que poidan xurdir a través dos dous medios citados anteriormente ou a través de chamadas telefónicas.
Publicidade	No mes de Maio será publicado na páxina web do centro , nun espazo habilitado para <i>“adaptacións das programacións didácticas do curso 2019-2020”</i> .